

## **II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA. O Porriño 2.009**



### **LIMIAR:**

O Torneo Benxamín Basket na Rúa nace coa idea de ofrecerlle a posibilidade, ós nenos e nenas do noso entorno en idade benxamín, de xuntarse durante unha xornada de xeito que poidan face-lo que máis lles gusta “xogar ó baloncesto”. Ó que cadra exactamente coa filosofía que ven desenrolando o noso club dende hai anos.

Tentamos así que a través deste torneo ademais da competición regulada poidamos promover a convivencia e a interrelación de tódolos participantes no evento.

Ademais pensamos que achegando ó baloncesto a rúa, ademais de promover o noso deporte na vila do Porriño conseguimos ofrecerlle ós nenos e nenas un lugar diferente onde practicar baloncesto e coa motivación que supón facelo baixo a atenta mirada de familiares, amigos, siareiros e curiosos que se achegarán ó Porriño nesa data.

Nesta edición o Porriño Baloncesto Base aproveitará a mañá do sábado para presentar pública e oficialmente no Concello do Porriño e ante os medios de comunicación, ó XI Campus de Baloncesto que celebrárase nas vindeiras datas, concretamente do 23 ó 28 de xuño deste ano

**II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA.  
O Porriño 2.009**



**ORGANIZA:**

Porriño Baloncesto Base

**DATA DE CELEBRACIÓN:**

Sábado 9 de Maio do 2.009

**LUGAR DE CELEBRACIÓN:**

Praza do Concello e Praza do Cristo (O Porriño)

**EQUIPOS PARTICIPANTES:**

Canteiras Femenino (O Porriño)

Canteiras Masculino (O Porriño)

Seis do Nadal Masculino "A" (Vigo)

Seis do Nadal Femenino (Vigo)

Maristas "A" (Vigo)

CB Tui (Tui)

Salesianos Masculino (Vigo)

Salesianos Femenino (Vigo)

Apóstol Santiago (Vigo)

CB Baiona (Baiona)

Colegio Mariano (Vigo)

San José de La Guía (Vigo)

**II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA.**  
**O Porriño 2.009**



**CALENDARIO E HORARIOS:**

HORARIO	CANCHA 1 (Grupo A)	CANCHA 2 (Grupo B)	CANCHA 3 (Grupo C)	CANCHA 4 (Grupo D)
11:00	Canteiras Femenino Vs. Seis do Nadal Femenino	C.B. Tui Vs. San José de La Guía	Canteiras Masculino Vs. Salesianos Femenino	Apóstol Santiago Vs. Colegio Mariano Mixto
12:00	Salesianos Masculino Vs. Seis do Nadal Femenino	C.B. Baiona Vs. C.B. Tui	Maristas Vigo "A" Vs. Salesianos Femenino	Apóstol Santiago Vs. Seis do Nadal Masculino
13:00	Canteiras Femenino Vs. Salesianos Masculino	C.B. Baiona Vs. San José de La Guía	Canteiras Masculino Vs. Maristas Vigo "A"	Seis do Nadal Masculino Vs. Colegio Mariano Mixto
<b>COMIDA</b>				
17:00	1º Grupo A Vs. 1º Grupo B	1º Grupo C Vs. 1º Grupo D	2º Grupo A Vs. 2º Grupo B	2º Grupo C Vs. 2º Grupo D
18:00	3º Grupo A Vs. 3º Grupo B	3º Grupo C Vs. 3º Grupo D	Final 2ºs (Gañadores Partidos entre 2ºs)	3º y 4º Puesto 2ºs (Perdedores Partidos entre 2ºs)
19:00	FINAL 1ºs (Gañadores Partidos entre 1ºs)	3º y 4º Puesto 1ºs (Perdedores Partidos entre 1ºs)	Final 3ºs (Gañadores Partidos entre 3ºs)	3º y 4º Puesto 3ºs (Perdedores Partidos entre 3ºs)
20:15	<b>CERIMONIA DE CLAUSURA: Entrega de Premios e Foto de Grupo</b>			

## **II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA. O Porriño 2.009**



### **GRUPOS:**

#### GRUPO A

Canteiras Femenino  
Salesianos Masculino  
Seis do Nadal Femenino

#### GRUPO B

CB Tui  
CB Baiona  
San José de La Guía

#### GRUPO C

Canteiras Masculino  
Maristas "A"  
Salesianos Femenino

#### GRUPO D

Seis do Nadal Masculino  
Apóstol Santiago  
Colegio Mariano Mixto

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN:**

O II Torneo Benxamín Basket na Rúa, estará composto por 12 equipos: masculinos, femininos e mixtos. Ditos equipos repártense en 4 grupos de 3 equipos, os que durante a mañá do sábado xogarán en formato de liga a unha volta. Ó remate da xornada da mañá cada grupo terá un equipo clasificado en primeira, segunda e terceira posición respectivamente ó que determinará os enfrontamentos do serán.

Deste xeito a partir das 17:00 xogarán nas semifinais ós clasificados na mesma posición, primeiros contra primeiros, segundos contra segundos e terceiros contra terceiros, cruzándose sempre ós representantes do Grupo A e mailo Grupo B e os representantes do Grupo C cos do Grupo D. Os gañadores dos encontros semifinais enfrontaranse entre si nas finais e os perdedores farán o propio nos cruces polo 3º e 4º posto.

Ó remate da xornada establecerase unha clasificación final do Torneo.

## II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA. O Porriño 2.009



### REGULAMENTO DE XOGO:

**Dimensións das canchas:** As pistas de xogo terán unhas dimensións aproximadas de 15 mt x 9 mt.

**Duración do Partido\*:** 42 minutos a reloxo corrido, agás nos tempos mortos e no último minuto do encontro, sempre que a diferenza no marcador sexa menor a 10 puntos. Os 42 minutos do encontro serán repartidos en 6 períodos de 7 minutos. O descanso entre períodos será de 1 minuto.

**Tempo de Quecemento:** O tempo de quecemento limitarase ó tempo dispoñible de xeito que o partido sempre comeze á hora prevista.

**Tempos Mortos:** Cada equipo disporá de 1 só tempo morto por encontro.

**Equipos\*:** Cada equipo aliñará 4 xogador@s simultaneamente.

**Formato de partido 4 x 4.** Cada equipo poderá incribir como máximo 12 xogadores por encontro e como mínimo 8 xogadores.

**Substitucións:** Ningún xogador poderá disputar máis de 3 períodos completos ó longo dos 5 primeiros períodos sendo ademais obrigatorio que tódolos xogadores do equipo xoguen polo menos un período completo dos 5 primeiros.

Non se realizarán trocos dentro dos cinco primeiros períodos, agás por lesión, eliminación, descualificación ou causa xustificada.

**Defensa:** Recomendamos que a defensa sexa en individual, evitando á realización de 2x1 defensivos.

**Faltas:** A partir da cuarta falta de equipo e dentro de cada período lanzaranse 2 tiros libres.

O xogador que cometa 5 faltas será eliminado do encontro.

**NON son de Aplicación as Regras de:** Campo atrás, 24, 8, 5 e 3 segundos.

**Desempate:** No caso de que o encontro remate o seu tempo regulamentario con empate no marcador, iniciarase un novo período, sacando de banda ó equipo que lle corresponda, segundo a frecha de posesión alterna e rematará no intre en que un dos equipos anote unha canastra en xogo ou un tiro libre.

**Comité Competición:** A organización do Torneo creará un comité de competición para resolvelas situacións conflitivas que se poidan xerar, e ante as súas decisións non se admitirán protestas.

## **II TORNEO BENXAMÍN BASKET NA RÚA. O Porriño 2.009**



### **COMIDA E BEBIDA:**

As comidas correrán a cargo dos participantes. A organización do torneo proporcionará auga durante os encontros.

### **CLAUSURA:**

Prégase a tódolos equipos participantes no torneo estean presentes na clausura do torneo e na entrega de trofeos que terá lugar ao remate da xornada, ala polas 20:15 aproximadamente. O fin da mesma realizarase unha foto de familia de tódolos participantes no II Torneo Benxamín.

### **ASISTENCIA SANITARIA:**

A asistencia sanitaria, en caso de accidente, será proporcionado polo seguro que inclúe a licenza federativa (ASISA), cuxo único centro concertado en Vigo para casos de emerxencia é o Sanatorio Nosa Señora do Perpetuo Socorro.

### **RECOMENDACIÓNS:**

Xa que os encontros disputaranse o aire libre, e en moitos lugares sen sombra recomendamos que os nenos e nenas veñan provistos con **viseiras** e **cremas de protección solar** para evitar os efectos prexudiciais do sol.

### **INFORMACIÓN E CONTACTO:**

Para obter máis información, poden contactar con Quique Dopico, Coordinador Deportivo do Porriño Baloncesto Base a través do teléfono 605. 08. 01. 93 ou a través do correo electrónico [coordinador.pbb@gmail.com](mailto:coordinador.pbb@gmail.com)